

MATERIA

Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües

TITULACIÓN

Grao en Mestre/a de Educación Infantil

unidad  
didáctica  
**1**

# Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés


Elena Guerreira Labrador

Área de Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Facultade de Filoloxía e Facultade de Ciencias da Educación





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND

4.0. Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

**Deseño e maquetación**  
J. M. Gairí

**Edita**  
Edicións USC  
[usc.gal/publicaciones](http://usc.gal/publicaciones)

DOI  
<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155023>

**MATERIA: Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües**

**TITULACIÓN: Grao en Mestre/a de Educación Infantil**

**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés**

Conceptos introdutorios de sociolingüística inglesa

Linguas en perigo de extinción

Diferenzas sociais e xeográficas intralingüísticas no uso do inglés

Diferenzas de xénero no uso do inglés

Linguas en contacto. Bilingüismo e diglosia no mundo anglosaxón

Imperialismo lingüístico e culturas poscoloniais

**Unidade II. Didáctica da lingua e a literatura**

## ÍNDICE

### **PRESENTACIÓN**

### **XUSTIFICACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

### **COMPETENCIAS**

### **METODOLOXÍA**

- Sesión expositiva 1
- Sesión interactiva 1
- Sesión expositiva 2
- Sesión interactiva 2
- Sesión expositiva 3
- Sesión interactiva 3
- Sesión expositiva 4
- Sesión interactiva 4
- Sesión expositiva 5
- Sesión interactiva 5
- Sesión expositiva 6
- Sesión interactiva 6

### **CONTIDOS**

- 1. Conceptos introdutorios de sociolingüística inglesa
- 2. Linguas en perigo de extinción
- 3. Diferenzas sociais e xeográficas intralingüísticas no uso do inglés
- 4. Diferenzas de xénero no uso do inglés
- 5. Linguas en contacto. Bilingüismo e diglosia no mundo anglosaxón
- 6. Imperialismo lingüístico e culturas postcoloniais

### **AVALIACIÓN**

- 1. Avaliación formativa
- 2. Avaliación final

### **ANEXOS**

## **PRESENTACIÓN**

---

A presente unidade didáctica correspón dese integralmente co primeiro bloque do programa docente da materia *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües*, materia obligatoria do segundo curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil (código G3121323B), na Universidade de Santiago de Compostela. Impártese no segundo cuatrimestre, e ten unha carga lectiva de 6 créditos ECTS no plan de estudos do grao. Un 50 % da materia é de tipo interactivo, e o outro 50 % é de carácter expositivo. Cada sesión dura unha hora e media. A programación docente está constituída por dous bloques claramente diferenciados que pertencen a diferentes áreas do coñecemento (o Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemaña e o Departamento de Didácticas Aplicadas).

A temática desta unidade didáctica, titulada “Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés”, ten que ver coa explicación de nocións introductorias á sociolingüística inglesa, tendo en conta sempre o contexto social, cultural e educativo no que se desenvolverá o alumnado da materia *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües*. Os contidos desagregados nas diferentes sesións expositivas e interactivas tratarán de ilustrar diferentes aspectos da lingua inglesa en canto ao seu uso social. A conexión cos conceptos de ideoloxía, prestixio lingüístico, globalización, bilingüismo, diglosia ou mesmo a perspectiva de xénero son moi aparentes no estudo desta unidade. Procurarase que o alumnado reflexione sobre a situación do inglés en contacto con outras linguas, e que relate esta problemática co conflito entre o galego e o castelán que se experimenta en Galicia, e que se explicita no bloque de Didáctica da Lingua e a Literatura desta mesma materia.

A temporalización da unidade didáctica “Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés” estrutúrase seguindo a distinción entre clases expositivas e interactivas. Dado que esta unidade ocupa a metade dos contidos da materia, empregaránse doce sesións (seis expositivas e seis interactivas). Esta sección do programa de *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües* correspón dese coa primeira parte do segundo cuatrimestre, xa que constitúe o primeiro bloque temático.

Os destinatarios desta unidade didáctica son os alumnos e alumnas de 2º ano do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, estudiantes que proceden dun ámbito de coñecemento relacionado coa Pedagogía e a Didáctica Aplicada, así como da Socioloxía e Psicoloxía educativas, áreas tratadas no primeiro curso do grao. Dado que non teñen unha formación filolóxica e esta é unha materia introductoria á área da sociolingüística inglesa, as sesións serán impartidas seguindo un nivel B1 do Marco Común de Referencia para as Linguas e os/as docentes procurarán contextualizar os contidos no ámbito educativo.

## **XUSTIFICACIÓN**

---

Esta unidade didáctica xorde da necesidade de transmitir os valores do plurilingüismo e a importancia da aprendizaxe das linguas estranxeiras, e en particular o inglés,

no mundo globalizado na sociedade actual. *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües* é unha materia de exploración da sociolingüística para o alumnado que cursa estudos no Grao en Mestre/a de Educación Infantil. Debido a que non se trata de alumnado especializado no estudo da lingüística ou da filoloxía, a forma de impartir as clases e o enfoque de cada sesión que constitúe esta unidade didáctica é fundamentalmente divulgativo. O que se pretende con este bloque temático é achegar ao alumnado certas nocións de sociolingüística para facilitarles as ferramentas axeitadas e necesarias para a interpretación de fenómenos globais que nos afectan como sociedade, especialmente no tocante ao uso do inglés como lingua franca na educación e noutras esferas da vida cotiá. Ademais de explicar a definición de inglés como lingua franca, exploraranse outras achegas vencelladas ao estudo das linguas na sociedade, como a perspectiva de xénero ou o imperialismo lingüístico e a discriminación de linguas. Esta unidade didáctica pretende pois achegar o alumnado a unha perspectiva más crítica e documentada do papel que ten o inglés na sociedade actual, non só partindo de valoracións preconcibidas e estereotipadas, senón de xeito que se teña unha opinión máis razoada e debidamente informada do que supón o estudo da cultura e a lingua anglosaxona no século XXI. Dado que esta materia é impartida no eido da educación e da práctica docente, vincularanse os contidos da materia a unha aplicación para a futura ensinanza do maxisterio infantil, reflectindo nalgunhas sesións no uso de linguas e no fenómeno do plurilingüismo nas aulas.

## **OBXECTIVOS**

---

Esta materia está compartida polas áreas de Didáctica da Lingua e a Literatura e pola de Filoloxía Inglesa. Tal como se define na ficha da memoria do Título, ten unha dobre finalidade:

- Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües na perspectiva dun plurilingüismo integrador e fundamentado no principio de diversidade.
- Contribuír ao desenvolvemento da competencia do alumnado en lingua estranxeira, especialmente nas actividades comunicativas más relacionadas coa Educación Infantil.

Os obxectivos xerais da materia *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües* son:

- Sensibilizar o alumnado sobre os factores psicolóxicos e sociais que inflúen na aprendizaxe de linguas en contextos multilingües e sobre o papel da escola nunha educación respectuosa coa diversidade lingüística.
- Potenciar as destrezas comunicativas en linguas estranxeiras do alumnado.

Os obxectivos específicos desta unidade en particular teñen que ver cos contidos desagregados nas diferentes sesións expositivas e interactivas. Son os seguintes:

- Explicar nocións introductorias de sociolingüística inglesa, como o prestixio lingüístico, a variedade estándar ou o concepto de inglés como lingua franca.

- Ilustrar e familiarizar o alumnado coas linguas en perigo de extinción e a necesidade de preservalas nun mundo globalizado no que o patrimonio lingüístico pode chegar a perderse.
- Comparar as diferentes variedades do inglés no Reino Unido dende o punto de vista social e xeográfico.
- Concienciar o alumnado na importancia da perspectiva de xénero para a sociolingüística, demostrando que existen diferenzas sociais no uso da lingua inglesa (e de calquera lingua) tamén neste eido.
- Demostrar que existen diferentes linguas en contacto no mundo anglosaxón, máis especificamente no Reino Unido, e que se dan situacions de bilingüismo e diglosia que deben ser afrontadas no sistema educativo, igual que en Galicia e nas comunidades bilingües en España.
- Concienciar o alumnado sobre o concepto de imperialismo lingüístico e a globalización, así como o seu impacto noutras culturas poscoloniais no ámbito anglosaxón, especialmente no continente africano.

En conclusión, o que se pretende con esta unidade didáctica é realmente introducir o alumnado á análise sociolingüística do inglés como principal lingua estranxeira empregada na Educación Infantil, para que teñan en conta as diferentes variables e factores sociais que afectan ao uso da lingua, así como unha reflexión sobre a importancia que lle damos ao inglés na sociedade actual, en moitas ocasíons motivada polas presións das esferas de poder económico e cultural, eminentemente patriarcal. Introducirase ao alumnado á familiarización co Marco Común Europeo das Linguas, partindo da base que o nivel requerido e impartido será o B1 de dito documento.

## **COMPETENCIAS**

As competencias xerais da materia *Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües* son as que aparecen a continuación:

- Abordar con eficacia situacions de aprendizaxe das linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión.
- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar a labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelos nos estudiantes.

As competencias específicas desta materia son:

- Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
- Afrontar situacions de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
- Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.

Ademais, cómpre sinalar as competencias específicas da unidade didáctica aquí presentada, “Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés”. Principalmente, estas competencias teñen que ver coa reflexión e a familiarización con diferentes

nocións sociolingüísticas e conflitos lingüísticos do ámbito inglés, extrapolables á situación de bilingüismo e diglosia vivida en Galicia. Son as seguintes:

- Ser capaz de definir conceptos introdutorios de sociolingüística inglesa.
- Comprender as diferenzas xeográficas, sociais, de xénero e tamén as motivadas por linguas en contacto no Reino Unido, e saber comparalas razoadamente coa situación galega.
- Ser capaz de expresar unha opinión argumentada sobre o imperialismo lingüístico no continente africano nas antigas colonias inglesas, así como reflexionar sobre as diferentes linguas en perigo de extinción.
- Comprender textos adaptados ao nivel B1 do inglés sobre sociolingüística inglesa e expresar a opinión propia a partir da súa lectura ou, no caso de textos orais, a partir da súa escucha, tanto por escrito como de xeito oral.

## **METODOLOXÍA**

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas en inglés. Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas (feitas con diferentes ferramentas, como son *PowerPoint* ou *Genially*), así como co apoio de recursos educativos tales como a plataforma de preguntas e respuestas Kahoot. Asemade, os contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles no Campus Virtual. As clases prácticas terán unha dinámica de tipo interactivo, motivando a participación do alumnado a través de actividades de comprensión e expresión en lingua inglesa (nivel B1), aínda que, dado que o carácter da clase é divulgativo e non son estudiantes de linguas ou de filoloxía inglesa, poderán intervir nas súas linguas maternas, xa sexan galego ou castelán.

As actividades propostas inclúen:

1. Exercicios de comprensión escrita e oral en lingua inglesa, relacionados coa temática desenvolvida en cada unha das sesións que componen a unidade didáctica.
2. Debates na aula a partires dos contidos desenvolvidos en cada sesión.
3. Outras: elaboración de presentacións orais e escritas, e exercicios de simulación de preguntas do exame final, de xeito formal e tamén a través da plataforma *Kahoot*, con aplicación interactiva.

As sesións desta unidade didáctica vanse desenvolver en diferentes clases expositivas e interactivas, desagregadas do seguinte xeito:

### **Sesión expositiva 1**

A primeira sesión expositiva desta unidade didáctica terá como obxectivo a introdución de conceptos básicos para o estudo da aprendizaxe de linguas estranxeiras, en especial a sociolingüística do inglés. Estes conceptos serán, en inglés, “language” (lingua), “dialect” (dialecto), “variety” (variedade), “lingua franca”,

“global language or international language” (lingua global) e “Global English” (inglés global). A exposición teórica dos contidos verase complementada con actividades ou exercicios que permitan traballar e vencellar as diferentes destrezas lingüísticas, tales como a comprensión oral. Utilizarase bibliografía divulgativa pero tamén específica da área da sociolingüística, inspirándose principalmente nos traballos de David Crystal, profesor emérito en Bangor University, en Gales.

### Sesión interactiva 1

A primeira sesión interactiva introducirá ao alumnado os seguintes termos de vocabulario, sempre en inglés: “bilingual” (bilingüe), “trilingual” (trilingüe), “polyglot” (políglota), “multi-lingual” (multilingüe), “native” ou “mother” (nativa ou materna), “linguist” (lingüista), “fluency” (fluidez) e “target language” (lingua estranxeira que se quere aprender ou dominar). Utilizaranse materiais e recursos audiovisuais para practicar a comprensión oral como son as TED Talks. Neste caso, a TED Talk utilizada para esta sesión versa sobre a aprendizaxe de linguas e o bilingüismo, e o seu relator é John McWhorter. Esta TED Talk titúlase “Four reasons to learn a new language” (“Catro razóns para aprender unha nova lingua”). O alumnado terá unha práctica de expresión oral (speaking) en base á TED Talk escoitada a partir dunha serie de preguntas guiadas, nas que se pretende chegar a unha reflexión crítica sobre os beneficios da aprendizaxe de linguas estranxeiras e a súa promoción na escola ou no sistema educativo. Como deberes e como axuda para o alumnado a esforzarse nesta materia novedosa en contidos para eles/as, dado que son estudiantes do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, proponse que visualicen na casa outra TED Talk de John McWhorter, nesta ocasión sobre a aprendizaxe de linguas a través de mensaxes de texto.

### Sesión expositiva 2

Comezarase esta segunda sesión expositiva cun repaso das nocións aprendidas na primeira clase teórica desta unidade didáctica, que, como indica o título da propia unidade, inclúen conceptos e reflexións sobre o panorama sociolingüístico do inglés e das linguas estranxeiras en xeral. Centrarase esta sesión no afondamento do concepto de lingua global e o proceso polo que se convierte en tal o inglés. Para complementar estes contidos, de xeito práctico o alumnado deberá facer unha lectura dun texto titulado “The Dangers of a Global Language” (“Os perigos dunha lingua global”). Dita lectura será realizada en voz alta pola clase no seu conxunto e, entre todos/as, os/as estudiantes deberán facer un exercicio no que se reflecta por que ou por que non o inglés é unha boa lingua global. O exercicio consistirá nunha tormenta de ideas (“brainstorming”) para completar unha táboa que o profesor/a escribirá no encerado.

### Sesión interactiva 2

Esta segunda sesión interactiva da unidade didáctica de “Panorama sociolingüístico na aprendizaxe do inglés” centrarase nunha temática interesante no mundo actual, que é as linguas en perigo de extinción ou “endangered languages”. A lección comeza coa definición de “endangered language” como introdución a este subtema dentro dos contidos deste bloque de aprendizaxe do inglés. Cómpre recordar que todas as leccións ou clases, sexan expositivas ou interactivas, se imparten en inglés, con excepción de aclaracións e traducións necesarias para a comprensión por parte de todo o alumnado. Como en todas as sesións interactivas, facilítaselle aos/as alumnos/as unha listaxe de vocabulario e definicións para esclarecer o significado de certos termos cos que non estean familiarizados/as. Neste caso, os termos clave para esta segunda sesión interactiva son “assimilation” (asimilación), “knowledge” (coñecemento), “lexicon” (vocabulario), “preservation” (preservación), “diversity” (diversidade), “endangered” (en perigo de extinción), “boarding school” (internado), “citizen” (cidadá/n), “native” (nativo), “mainstream” (común, estendido na sociedade), “loss” (perda) e “hegemony” (hexemonía). O texto que servirá para a análise deste tema, a súa reflexión crítica e a práctica da comprensión lectora é “The Death of a Language” (“A morte dunha lingua”), por David Crystal. O alumnado deberá ler con atención o texto e anotar calquera dúbida que xorda. Lerase en voz alta, para ir solucionando toda cuestión ou pregunta posible. Despois, utilizarase o texto como fonte para resolver unha serie de preguntas formuladas polo profesorado da unidade didáctica, para fixar contidos e asegurarse de que os/as discentes entenden os contidos da sesión. Como segunda actividade práctica, neste caso para cultivar a destreza da comprensión oral ou auditiva, recorrererase a unha TED Talk titulada “Preserving endangered languages” (“Preservando linguas en perigo de extinción”), na que o relator é o indio americano Barry Mosses, único falante dunha lingua amerindia que partillaban os seus antepasados. Novamente, farase unha listaxe de preguntas que deberán responder o alumnado de xeito oral, compartindo os seus pensamentos co resto da clase, para analizar o texto oral que acaban de escutar e fortalecer a comprensión.

### Sesión expositiva 3

Comeza a terceira sesión expositiva da unidade didáctica “Panorama sociolingüístico da aprendizaxe do inglés” cunha batería de preguntas introductorias e unha serie de pasaxes para que o alumnado reflecta sobre o uso do inglés na sociedade e no seu día a día, e os efectos desta globalización da lingua inglesa. Esta primeira actividade serve de repaso para revisar os contidos da semana anterior. Propónse un novo exercicio baseado nunha TED Talk, recurso fundamental para a preparación desta materia. Trátase dunha TED Talk titulada “Patricia Ryan: Don’t insist on English!” (“Patricia Ryan: Non insistas co inglés!”). O alumnado deberá subir as súas respuestas a un exercicio de comprensión oral a unha tarefa creada no Campus Virtual nunha data límite determinada. Doutra banda, a sesión continúa cunha reflexión sobre as linguas artificiais, como o esperanto. Pediráselle aos/as estudiantes que completen de

novo outra tarefa a través do campus virtual nunha data límite determinada; neste caso consistirá nun exercicio de comprensión escrita ou reading para completar unha serie de actividades ou cuestiós relacionadas co esperanto como lingua artificial. Recomendáselles ao alumnado unha serie de recursos lexicográficos *online* de consulta, tales como dicionarios ou tradutores.

### Sesión interactiva 3

A terceira sesión interactiva dedicarase á análise de diferentes dialectos e acentos ou variedades xeográficas da lingua inglesa, más concretamente do Reino Unido. Comézase cun mapa lingüístico das variedades intralingüísticas do inglés en Gran Bretaña e en Irlanda. Logo, facilitaselle ao alumnado unha listaxe de vocabulario, coma noutras sesiós: “received pronunciation” (pronunciación recibida; inglés de Oxford), “dialect” (ialecto), “thick” (estúpido), “slang” (fala popular), “abbreviation” (abreviatura), “snobbery” (sentirse superior a alguén pola súa clase social), “linguicism” (discriminación lingüística), “Scouser” (persoa procedente de Liverpool), “Eton” (o internado máis famoso de Inglaterra; trátase dun nome propio), “classism” (clasismo), “working class” (a clase obreira), “the Establishment” (institucións; grupo social fixo que non admite cambios ou reivindicacións), e “middle class” (clase media). O alumnado terá que practicar a comprensión lectora lendo en voz alta un artigo periodístico sobre a discriminación en termos lingüísticos pola forma de falar das persoas. Trátase dun texto sobre as diferenzas rexionais nos dialectos de Inglaterra no programa de televisión “Love Island”. Unha vez máis, tras ler o artigo, os/as alumnos/as deberán completar interactivamente e en grupo unha actividade de preguntas de comprensión de lectura. Despois, visualizarase un vídeo de YouTube no que se conecta a discriminación por razóns de acento ou dialecto coa clase social da persoa. Conectaranse estes contidos no mundo anglosaxón coa realidade lingüística en España na súa totalidade e máis concretamente en Galicia, comparando diferentes estigmas sociais por razóns do uso da lingua.

### Sesión expositiva 4

Nesta sesión, explicarase ao alumnado que durante as sesiós interactivas 5 e 6 dedicaranse as clases á exposición oral dun tema en particular por parte do alumnado. Esta exposición oral constará tamén dunha parte de investigación. Facilitarase ao alumnado unha listaxe de temas de investigación (os subtemas da unidade didáctica en xeral: o inglés como lingua global, as vantaxes e desvantaxes das linguas artificiais, as diferenzas rexionais no uso do inglés, as diferenzas de xénero no uso do inglés, a morte das linguas, a diglosia nas zonas de contacto lingüístico nas que conviven dúas ou máis linguas, e o imperialismo lingüístico en África). A tarefa consistirá en pescudar un texto ou artigo periodístico que verse sobre este tema en grupos de dúas ou tres persoas, dependendo do número de alumnado. Durante as dúas últimas sesiós interactivas, os diferentes grupos de traballo deberán ler o texto en voz alta para o resto da clase e comentalo criticamente, argumentando a súa opinión, así como

elaborando e formulando preguntas para un posible debate coa clase. O obxectivo desta tarefa é mellorar a expresión oral, pero tamén o pensamento crítico, e activar o repaso dos coñecementos obtidos ao longo desta unidade didáctica co grupo en xeral. Todos/as os/as estudiantes deberán poder expresar a súa opinión en inglés sobre os asuntos tratados en cada un dos grupos, pois esta tarefa pretende preparar ao alumnado para a avaliación final de expresión oral, na que cada alumno/a deberá enfrentarse a unha pequena proba de exame oral, na que expresen a súa opinión axeitadamente. Facilitaranse os recursos necesarios e axuda en todo momento para o exercicio das presentacións orais, así como supervisión e titorización nas horas de titorías do profesorado da materia. Asemade, para traballar a expresión escrita, que tamén será avaliada no exame final, cada alumno/a debe adxuntar unha “opinion essay” (comentario de texto crítico) sobre a temática do texto que explore o seu grupo de exposición oral. PowerPoints e documentos esclarecendo as directrices que teñen que cumplir os/as discentes serán subidos ao Campus Virtual, dando todo tipo de pautas para a elaboración deste traballo de avaliación formativa ou continua.

Ademais de dedicar tempo nesta sesión á explicación do traballo co que se avaliará o 50 % da unidade didáctica (expresión oral e escrita), esta cuarta sesión expositiva versará sobre as diferenzas de xénero no uso da lingua inglesa por parte de falantes nativos. Introducirase o vocabulario necesario para a comprensión dos materiais utilizados nesta lección: “subordinate” (subordinar), “intensifier” (cuantificador), “hedge” (en inglés, mecanismo lingüístico utilizado para expresar dúbida; xeralmente un adverbio), “assurance” (seguridade), “to punish” (castigar), “powerless” (sen poder), “informant” (enquisado/a), “to orchestrate” (orquestrar), “intimacy” (intimidade), “standard” (estándar), “isolation” (aillamento), “distinctive” (distintivo) e “variation” (variación). O alumnado terá que ler en voz alta, unha vez máis para practicar a comprensión escrita, un texto sobre as diferenzas de xénero no discurso falado do inglés, para familiarizarse co feito de que, aínda que caendo no binarismo, homes e mulleres non falan igual. É interesante que, a pesar de non aparecer no texto per se, se introduza ao alumnado a diferentes perspectivas, nas que se decaten de que as persoas utilizamos a lingua dun xeito determinado deliberadamente en función do noso xénero ou mesmo da nosa orientación sexual. O alumnado terá que responder varias cuestións nas que se reflecta que en efecto entendeu ben o texto fonte. Rematará a clase cun vídeo no que se ilustran os dialectos por razón de xénero. Cómpre sinalar que todos estes recursos audiovisuais son enriquecidos coa propia figura docente, que sempre actuará como facilitador/a da información, pero tamén manifestará nocións teóricas aprendidas na experiencia propia como investigadores/as e especialistas en filoloxía inglesa, para incentivar o debate na clase, e crear curiosidade polos contidos no alumnado.

#### Sesión interactiva 4

A cuarta sesión interactiva versará sobre os conflitos lingüísticos en zonas de linguas en contacto no mundo anglosaxón, centrándose no caso de Gales, que será comparado con Galicia. Facilitase novamente unha listaxe de vocabulario: “conflict” (conflito),

“ethics” (ética), “bigot” (fanático), “campaigner” (activista, sindicalista), “futile” (fútil, inútil), “segregation” (segregación), “exclusively” (exclusivamente), “Reception” (1º de Educación Primaria en Inglaterra e Gales), “Labour” (partido laborista de centro-esquerda do Reino Unido), “educationist” (especialista en educación), “immersion” (inmersión), e “to bolster” (fortalecer). O alumnado terá que ler un texto titulado “The Storm over Welsh-First schooling” (“A tormenta sobre a escola en galés”) en voz alta, para a práctica da comprensión escrita. Invitarase ao alumnado a debater todo o que precisen e a comparar esta nova realidade lingüística no Reino Unido coa súa propia realidade lingüística e coa situación en Galicia. Responderán unha batería de preguntas para asegurar o entendemento do texto, áinda que neste caso o más importante é que desenvolvan unha opinión crítica baseada na propia experiencia. Tras completar esta actividade, visualizarase un vídeo sobre a división lingüística de Bélgica, para mostrar outra perspectiva diferente ante o contacto lingüístico.

### Sesión expositiva 5

A quinta sesión expositiva dedicarase a reflexión sobre o imperialismo lingüístico e a perda da diversidade lingüística en África, continente exemplo das culturas poscoloniais en lingua inglesa. Unha nova listaxe de vocabulario introducirá a sesión: “imperialism” (imperialismo), “fee” (imposto), “elitist” (elitista), “privilege” (privilexio), “rote” (aprendizaxe por repetición memorística), “fail” (suspender, fracasar), “niche” (posición axeitada para un grupo determinado), e “broaden” (expandir). Facilitarase ao alumnado un texto sobre a situación do imperialismo lingüístico no continente africano, que concluirá coa resposta a unha serie de preguntas de comprensión escrita. Quizais sexa este o subtema más difícil da unidade didáctica, polo que son benvidas dúbidas e intervencións por parte do alumnado sempre que o precise ou o veva convinte. Para finalizar as sesións teóricas, rematarase coa mostra de pasaxes de literatura poscolonial nos que aparecen situacións de linguas en contacto no mundo anglosaxón. Adxúntanse pasaxes das coleccións *East, West* (1994), de Salman Rushdie, *Miguel Street* (1959), de V.S. Naipaul, e *Why Don't You Stop Talking?* (2002), de Jackie Kay.

A segunda parte da sesión será eminentemente práctica, coa realización e aplicación dun xogo educativo sobre os contidos da materia na plataforma Kahoot. O alumnado participará nunha rolda de preguntas e respostas e clasificarse nun ránking final.

### Sesión interactiva 5

Exposicións orais baseadas en textos de escolla persoal en grupos de dúas ou tres persoas. Convén non esquecer que os/as estudiantes de cada grupo deben entregar unha producción escrita individual (“opinion essay”) que aborde o tema defendido na súa exposición oral.

## Sesión expositiva 6

Simulación de exame final.

## Sesión interactiva 6

Exposicións orais baseadas en textos de escolla persoal en grupos de dúas ou tres persoas. Entrega de traballo escrito en formato “opinion essay”.

## CONTIDOS

---

Os contidos oficiais desta unidade didáctica correspóndense cos redactados no programa e na guía docente:

- Educar na diversidade lingüística desde a Educación Infantil. O MECRL e o Portfolio Europeo das Lingua.
- A interacción entre as linguas no proceso de construcción da competencia plurilingüe. O tratamento integrado das linguas.

En canto aos contidos realmente impartidos e desagregados na metodoloxía, cómptre ter en conta a seguinte explicación e fundamentación teórica dos mesmos. Estes son os seguintes:

### **1. Conceptos introdutorios de sociolingüística inglesa**

A definición de certas nocións básicas para o estudo do inglés en canto ao seu uso social é crucial para a posterior reflexión do alumnado. Os conceptos de “lingua”, “dialecto”, “variedade”, “lingua franca” ou “lingua global”, todos eles explicados en inglés, introducirán os/as estudantes a unha perspectiva máis holística de coñecemento e de aprendizaxe da importancia das linguas estranxeiras e das esferas de poder que inflúen na distribución das linguas faladas no noso planeta. A sociolingüística é unha área que non só pretende diferenciar os conceptos de linguas minorizadas e hexemónicas, ou de bilingüismo e diglosia, senón que permite ilustrar a influencia de todos os factores sociais no uso dun determinado idioma. Neste caso, centrarémonos no uso do inglés como lingua franca, ou lingua internacional utilizada como idioma común, para incentivar a reflexión da importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras no ámbito educativo, non só para a comunicación intercultural, senón como instrumento de riqueza e patrimonio histórico, cultural e social.

### **2. Linguas en perigo de extinción**

No planeta fálanse 6000 linguas, das cales 3000 desaparecerán no próximo século. Este é un grave problema ao que nos enfrentamos os seres humanos actualmente, debido á perda de patrimonio lingüístico e a falta de concienciación na preservación das linguas más minorizadas e minoritarias. A importancia e gravidade desta

situación debería ser debatida polo alumnado a partir de textos orais e escritos en lingua inglesa que sensibilicen co conflito experimentado polas linguas en perigo de extinción e os seus falantes. As reflexións e estudos de David Crystal serán sometidos á análise por parte dos estudiantes desta materia, para concienciar dende o sistema educativo de que non só existen as linguas estranxeiras más coñecidas ou estudiadas, senón que é labor dos gobernos e das institucións protexer as linguas que están a piques de desaparecer ou das que xa non quedan máis que falantes avellentados, como é o caso de moitas linguas africanas ou amerindias. A reflexión da situación do galego en comparación con estas linguas en perigo de extinción tamén será promovida na aula, así como a comparación da promoción da lingua galega coa socialización e interacción na aula en inglés.

### 3. Diferenzas sociais e xeográficas intralingüísticas no uso do inglés

